IES REGO DE TRABE

CULLEREDO

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Aprobado o 1 de abril de 2019

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

ÍNDICE

0. Introdución 2

1. Xustificación baseada no contexto 3

2. Identificación e valoración das necesidades 5

3. Determinación dos obxectivos 9

4.Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade 11

5.Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas 15

6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro 17

7. Mecanismos de coordinación e colaboración internas, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición 20

8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro 21

9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias 22

10. Procesos de seguimento, avaliación e memoria. 23

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

0. INTRODUCIÓN

A Lei Orgánica 2/2006 de Educación do 3 de maio, no seu artigo 121 xunto co Decreto 229/2011 establecen que o Proxecto Educativo dos centros recollerá a forma de atención á diversidade do centro e que respectará o principio de non discriminación e inclusión educativa como valores fundamentais. A atención á diversidade configurase así como un principio fundamental do sistema educativo regulado pola citada lei.

Segundo o mencionado Decreto 229/2011 "enténdese pola atención á diversidade ó conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións socias e culturais de todo o alumnado.

Partindo desta perspectiva, entendemos por diversidade non só ás diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares e ás distintas causas ás que se poden atribuír: aptitudes, intereses, motivación, capacidades, ritmos de maduración e estilos de aprendizaxes, experiencias e coñecementos previos, contornos sociais e culturais, etc... senón tamén as diferenzas entre as distintas familias, os seus intereses e preocupacións en relación á educación dos seus fillos/as, na que será fundamental a implicación e participación das mesmas, tal e como se recolle na Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación.

Por todo iso, dende o noso centro, a atención á diversidade réxese polos principios de normalización e inclusión, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade, promoción da convivencia, autonomía dos centros e participación de toda a comunidade educativa.

De aí que o Plan de Atención á Diversidade do centro será o conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas e didácticas que pon en práctica para proporcionarlle ao alumnado a resposta educativa máis acorde coas súas necesidades educativas para que cada quen alcance o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

1.1*Entorno socio-económico, alumnado e profesorado.*

O IES Rego de Trabe, creouse no curso 2016/17 como desagregación do IES Eduardo Blanco Amor de Culleredo. Comezamos a nosa andaina con tres grupos de 1º de ESO e 1 grupo de 2º de ESO. Aínda que somos un centro de liña 3, con progresiva incorporación do Bacharelato.

O centro está situado nun espazo dedicado a actividades deportivas que pode complementar as nosas instalacións. Ao ser un centro de nova creación, podemos gozar dalgúns espazos especialmente agradables como o salón de actos, pero cabe sinalar que, en xeral, as aulas e a biblioteca presentan unhas dimensións moi reducidas que condicionan ou limitan aspectos organizativos. Os recursos dispoñibles son insuficientes, a dotación de material vaise facendo de xeito gradual e sen cubrir necesidades básicas como ordenadores de aula suficientes. Grazas á implicación do profesorado en diferentes proxectos imos conseguindo paliar en certo grado estas necesidades.

Segundo se recolle no noso PEC, o alumnado do IES Rego de Trabe procede maioritariamente dos núcleos urbanos do Burgo e Vilaboa, no concello de Culleredo que forma parte da área metropolitana de A Coruña. O centro, sitúase no parque de Acea da Ama o que permite o acceso do alumnado ás nosas instalacións sen necesidade de transporte escolar.

Na maioría dos casos o alumnado é disciplinado , atende as indicacións do profesorado e na súa maioría está escolarizado no curso que corresponde por idade. Non obstante, detectamos dificultades de comprensión oral e escrita, falta de hábitos de estudo ou unha mellorable planificación e organización do traballo. Estes elementos inciden negativamente nos resultados académicos.

O alumnado usa maioritariamente o castelán como lingua vehicular detéctanse prexuízos e/ou minusvaloración do galego .

As nais e pais do alumnado son na súa maioría traballadores do sector industrial e de servizos, que realizan a súa tarefa fóra da localidade. Amosan, na maior parte dos casos, preocupación polos estudos dos seus fillos e fillas, teñen boa comunicación con eles e co profesorado. A súa relación co Centro é satisfactoria e acoden nun elevado número ás reunións ás que son convocados/as .

No Instituto impúlsanse as medidas de atención á diversidade recollidas na lexislación vixente. Tamén a realización de numerosas actividades complementarias que axudan a reforzar a aprendizaxe significativa do alumnado ao tempo que melloran o clima de convivencia.

1.2. *Marco Legal.*

Normativa básica que condiciona e regula os diferentes aspectos relacionados coa atención á diversidade nos centros educativos:

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo (DOG 7/11/1995).
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral e establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (DOG 19/12/1996).
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento de flexibilización da duración de período de escolarización do alumnado con NEE asociados a condicións persoais de sobredotación intelectual (DOG 28/11/1996).
- Decreto 374/1996 do 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de EI e dos colexios de E.P. (DOG 21/10/1996).
- Orde de 22 de xullo de 1997, que se regula aspectos da organización e funcionamento de escolas e colexios de E.I. e E.P. (DOG 2/09/1997).
- Decreto 120/1998 de 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional (DOG 31/07/1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional (DOG 31/07/1998).
- Circular 9/1999 pola que se ditan instrucións para a atención á diversidade na ESO.
- Orde do 27 de decembro do 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con NEE (DOG 30/01/2003).
- Orde do 20 de febreiro do 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG 26/02/2004).
- Lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación (DOG 15/07/2011).
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado (DOG 21/12/2011).
- Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa , pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

2.1 Relación de necesidades de alumnado

En xeral, as necesidades que pode presentar o alumnado, e que poden variar dun curso a outro, aparecen na táboa seguinte.

NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCACTIVO DO ALUMANDO
Necesidades Educativas Especiais (NEE)
Discapacidade física
Discapacidade intelectual
Discapacidade sensorial
Trastorno da conduta
Trastorno do espectro do autismo (TEA) (inclúe síndrome de Asperger)
Trastorno de Rett
Plurideficiencia
Outros (trastorno graves da comunicación e aprendizaxe)
Alumnado con altas Capacidades Intelectuais
Alumnado superdotado
Alumnado talentoso
Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.
Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe
Lectura
Escritura
Cálculo
Combinado
Outras dificultades
Alumnado con especiais condicións persoais ou de historia escolar.
Alumnado con Trastorno por Déficit de atención e/ou Hiperactividade
Con déficit de atención
Con déficit de atención e hiperactividade
Outras especificacións
Outros diagnósticos a especificar
Situación de desvantaxe socio-educativa a especificar

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

Se a atención á diversidade está dirixida a todo o alumnado, non se poden esquecer outras necesidades que presenta ou que pode presentar e que dalgún xeito inflúen no seu proceso de aprendizaxe. Ditas necesidades teñen que ver con:

- Necesidades propias da súa etapa evolutiva: puberdade e adolescencia.
- Necesidades relacionadas coa xestión e organización do estudo.
- Necesidades relacionadas coa construción socio-cultural da subxectividade das persoas hoxe: violencia estrutural, inmediatez, pouca tolerancia á frustración, dependencias que non favorecen a autonomía e responsabilidade, desprestixio do saber e do esforzo.
- Necesidades relacionadas coas situacións familiares e sociais.

2.2. Relación de necesidades do resto da comunidade educativa

Colectivo	Necesidades
Familias	-Recibir e proporcionar a información das necesidades do alumnado, das medidas adoptadas e do seu seguimento. -Asesoramento e coordinación cos titores/as, profesorado e departamento de orientación. -Facilitar a coordinación, se procede, con outros profesionais externos que atenden o alumnado.
Profesorado	-Información das necesidades que presenta o alumnado. -Información e asesoramento de pautas, orientacións e materiais para atender ditas necesidades. -Información sobre metodoloxías que favorezan a inclusión. -Mellorar a coordinación no seu departamento, co titor/a dos grupos onde imparte clase, co equipo docente deses grupos, co departamento de orientación (DO) e co profesorado de pedagoxía terapéutica (PT), se procede, e coa xefatura de estudos (XE). -Asesoramento e apoio do departamento de orientación na elaboración das adaptacións curriculares significativas (ACS) e outras medidas. -Establecer unha aula de apoio para o profesorado de PT, específica e de utilización propia do profesorado de PT, na medida do posible.
Centro	-Contar cos recursos humanos necesarios para poder proporcionar atención educativa acorde ás necesidades do alumnado. -Mellorar a coordinación e cooperación entre departamentos. -Aposta por unha atención á diversidade de inclusión que favoreza o desenvolvemento integral do alumnado.
Centro adscrito	-Coordinación cos departamentos de orientación. -Realizar actuacións conxuntas de prevención e intervención.
Contorno	-Intercambio de información sobre o alumnado cando se considere oportuno. - Información sobre os recursos da contorna comunitaria.

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

comunitario	

2.3. *Identificación das necesidades*

Momentos e procedementos de detección de necesidades do alumando ao longo do curso:

a) Inicio de curso: unha vez que se ten información do alumnado (do centro adscrito, do de procedencia ou do curso pasado) procédese a identificar a necesidade e pór en marcha a actuación pertinente para atendela. Infórmase aos departamentos das ditas necesidades.

b) Avaliación inicial: póñense en común entre todos os participantes Xunta de Avaliación de cada grupo as necesidades do alumnado e as medidas de atención á diversidade. Na avaliación inicial o profesorado informa das necesidades detectadas na primeira quincena e propón as medidas que considera pertinentes.

c) Ao longo do curso: cando se observan necesidades de alumnado e non se ten a suficiente información para atendelas ou se precisa de máis información, procédese a realizar a avaliación psicopedagóxica segundo a Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica.

Ademais, realízase intervención e o seguimento titorial do rendemento do alumnado que presenta algunha das necesidades. Esta intervención faise en colaboración co profesorado-titor/a, a familia e o alumno/a.

2.4. *Recollida e tratamento da información*

A Comunidade Educativa debe ter en conta o establecido no Protocolo de protección de datos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos enlaces seguintes:
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_proteccion_datos_v1.0.pdf

TEMPORALIZACIÓN	FONTES DE INFORMACIÓN	LOCACLIZACIÓN
Xuño	Táboa de información do alumnado do centro adscrito.	XE/DO
Xuño - setembro	-Información das avaliacións e Consello Orientador.	XADE / Secretaría
Setembro	-Expedientes e informes psicopedagóxicos	XADE / Secretaría / DO
Xuño / setembro	-Actas finais e actas de propostas das xuntas de avaliación.	XE / DO
Setembro	-Información xeral sobre NEAE e medidas para as programacións dos departamentos	Dirección/ XE/ DO / Dtos. didácticos
Outubro **Avaliacións iniciais**	-Información sobre o alumnado de cada grupo que se proporciona nas avaliacións iniciais de	Titores/as / XE / DO / Dtos. didácticos

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

	ESO e Bacharelato ao profesorado	
Ao longo do curso	-Listaxe do alumnado e profesorado das diferentes medidas de atención á diversidade	Información DO /Envío aos titores/as / Sesións de avaliación
Ao longo do curso	-Información achegada pola familia, pola inspección, polos equipos de orientación específicos (EOE), polos servizos sociais, polos diferentes servizos de saúde, polas asociacións…	DO / Secretaría
Ao longo do curso	-Información obtida do traballo realizado dende a acción titorial en relación ás MAD e proporcionado nas xuntas de avaliación	Titores / DO
Ao longo do curso	-Información achegada polo profesorado de apoio e AL	Titores / DO
Ao longo do curso	-Información obtida pola realización da avaliación psicopedagóxica previa solicitude das familias ou dan xunta de avaliación	Titores / DO

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

3. OBXECTIVOS

3.1. Obxectivos xerais

En relación ás conclusións do Consello da Unión Europea do 12 de maio de 2009 á Lei Orgánica 2/2006, de3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) e ao Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE, propóñense os seguintes obxectivos xerais:

a) Facer realidade a aprendizaxe permanente e a mobilidade dos educandos.

b) Mellorar a calidade e a eficacia da educación e da formación.

c) Promover a equidade, a cohesión social e a cidadanía activa.

d) Incrementar a creatividade e a innovación.

e) Conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible facilitando unha educación adaptada ás súas singularidades.

f) Ofrecer unha resposta educativa no marco dos principios de normalización e inclusión, considerando a diversidade como elemento enriquecedor.

3.2. Obxectivos específicos do noso centro segundo as necesidades detectadas

a) Considerar o PXAD como o documento útil e eficaz onde se marcan as liñas e os criterios de actuación para atender á diversidade no centro.

b) Desenvolver as medidas de atención á diversidade previstas na lexislación vixente.

c) Asumir como centro, e dende a educación para a saúde, que a atención á diversidade comprende o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

d) Favorecer a equidade na educación, mellorando a inclusión e a normalización na resposta educativa ao alumnado en situación de desvantaxe.

e) Procurar que todo o alumnado adquira as competencias básicas no maior grado que sexa posible.

f) Fomentar a participación do alumnado e das familias nos programas, proxectos e actividades do centro, así como na utilización axeitada das novas tecnoloxías.

g) Ter en conta a atención á diversidade nas diferentes decisións pedagóxicas do centro.

h) Garantir a actuación coordinada de todo o Equipo Docente.

i) Valorar as funcións da xunta de avaliación e da acción titorial como elementos fundamentais de responsabilidade na atención á diversidade.

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

j) Fomentar a información, colaboración e coordinación interna e externa de xeito eficaz e flexible con modelos e protocolos de referencia que fomenten as boas prácticas, a formación e a innovación.

k) Dar a coñecer o plan xeral de atención á diversidade a toda a comunidade educativa para favorecer a súa eficacia e utilidade.

l) Coordinar cos Servizos Sociais do Concello, servizos e entidades externas: EOE, SAT, Saúde Mental...

m) Proporcionar e facilitar ás xefaturas dos departamentos didácticos a información necesaria para incorporar nas programacións e para coordinar entre o profesorado de propio departamento as diferentes MAD co alumnado que o precisa. Asesorar e ofrecer recursos.

n) Organizar e optimizar os recursos do centro.

o) Deseñar respostas educativas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

4.DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

4.1. Medidas establecidas no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade

As medidas que aparecen na seguinte táboa recóllense no Decreto 229/2011, no Decreto 86/2015 e na Resolución do 15 de xullo de 2016.

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
-Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. -Adecuación das programacións ao contorno do alumnado. -Metodoloxías: traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. -Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. -Aulas de atención educativa e convivencia e medidas destinadas á mellora da convivencia. -Desdobramento de grupos. -Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. -Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas. -Exención da 2ª lingua estranxeira. -Programas de recuperación. -Programas específicos personalizados. -Programas de habilidades sociais.	-Avaliación psicopedagóxica. -Adaptacións curriculares. -Agrupamentos flexibles. -Apoio do profesorado de PT e AL. -Flexibilización da duración do período de escolarización. -Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades de asistencia continuada ao centro. -Grupo de adquisición das linguas. -Grupos de adaptación da competencia curricular. -Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento, PMAR, en 2º e 3º da ESO. -Integración de materias en ámbitos de coñecemento no primeiro curso de educación secundaria obrigatoria.

4.2. Actuacións, medidas e programas no IES Rego de Trabe

A posta en marcha de actuacións, medidas e programas para atender as necesidades educativas do alumnado requiren que, ademais de ter en conta o lexislado, se teñan en conta outras liñas de actuación como son as propostas da administración, as propostas doutras institucións e a súa contextualización no propio centro.

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

En canto ás propostas e pautas doutras institucións debemos sinalar que:

a) Da administración educativa hai protocolos e publicacións que ofrecen pautas de actuación respecto ás medidas de atención á diversidade nos seguintes enlaces:

- http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal,
- http://www.edu.xunta.gal/portal/es/diversidadeorientacion

b) En colaboración con outras institucións existe coordinación:

- Coa administración. Co servizo de Inspección Educativa e co Equipo de Orientación Específico (EOE) da Consellería.
- Co Concello de Culleredo.
- Con outros servizos da administración. Co servizo de saúde mental do Sergas.
- Coas diferentes Asociacións e ONG. Asociación TP Galicia, Arelas, Discamino entre outras.

Na seguinte táboa recóllense as diferentes medidas e programas que, en xeral, se establecen na lexislación vixente así como de iniciativas do noso centro para atender as necesidades do alumnado tendo en conta as propostas da Administración e en coordinación con outras entidades. As medidas e programas aparecen indicados do seguinte xeito:

- A: Axenda escolar
- B: Seguimento titorial do rendemento
- C: Reforzo Educativo
- D: Exención da 2ª Lingua Estranxeira
- E: Apoio do profesorado de PT fóra/dentro da aula
- F: ACS
- G: Grupos de adquisición de linguas
- H: Grupos de competencia curricular
- I: Agrupamentos flexibles
- J: Integración da materias en ámbitos
- K: PMAR
- L: Programa de HHSS
- M: PROA
- N: Clases do Concello (Ponte a Punto)
- Ñ: Atención educativa domiciliaria
- O: Atención educativa hospitalaria

Necesidades do alumno	Medidas no IES	Protocolos da Consellería do E.O.U. e outras	Coordinación outras institucións
Educativas Especiais			
Discapacidade	B, C, D, E,	"Orientacións e respostas educativas:	Horto escolar

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

intelectual	F, G, K,	alumnado con discapacidade intelectual": http://www.edu.xunta.es/portal/node/3644	Letras de Colores
Discapacidade motórica	B, C, D, E, F,	https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2011/12/09/3979f3f329f6f553bdd3bf13baa5e0bc.pdf	DISCAMINO. Duchenne Parent Project
Discapacidade sensorial	A	https://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/libros/discapacidade_visual.pdf https://www.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=1273776&name=DLFE-33905.pdf	
Trastornos xeneralizados do desenvolvemento (TEA) - Síndrome Asperger	A, B, C	"Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento": http://www.edu.xunta.es/portal/node/3655 http://www.edu.xunta.es/portal/node/3703	ASPERGA A Coruña http://www.asperga.org/
Trastornos graves de conduta	A, B,C L	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: http://www.edu.xunta.gal/portal/convivencia http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: Contratos-Programa
Específicas de apoio educativo			
Altas capacidades	A, B, C, I	"Sobredotación intelectual": http://www.edu.xunta.es/portal/node/3700 "Orientacións e respostas educativas: alumnado con sobredotación intelectual": http://www.edu.xunta.es/portal/node/3630 http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/144	-Pautas do EOE da Coruña
TDAH	A, B, C, E, I, K, N	Terase en conta o establecido no punto 8.1. Anexo 1apartado 8.1.2 de Prevención e intervención dentro da aula do "Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario": http://www.edu.xunta.es/portal/node/13546	-ANHIDA http://www.anhida.es/
Dislexia	A, B, C, D, E, I	"Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos da aprendizaxe": https://www.edu.xunta.gal/portal/node/3656	-Orientacións da Asociación de Dislexia: http://www.agadix.es/ -Orientacións EOE da Coruña
Incorporación tardía	C, D, E, F, G, H, I, K,	Alumnado de incorporación tardía(procedente do estranxeiro): http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146	-UTS de Culleredo -OMIX do Concello
Necesidades	A, B, C,	"Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos da aprendizaxe":	-UTS de Culleredo

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

específicas de aprendizaxe	D, E, F, I, K, N,	http://www.edu.xunta.es/portal/node/3656 http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/409	-OMIX do Concello: clases de reforzo "Ponte a punto"
Desvantaxe socio-educativa			
Ambientes desfavorecidos - marxinais	A, B, C, D, I, L, N,	Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar: http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/410	-UTS de Culleredo -OMIX do Concello: clases de reforzo
Etnia xitana	B, D, E, I,	Programas e plans: http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/412 http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3791	
Atención educativa por enfermidade			
Atención educativa domiciliaria	B, Ñ	http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal http://www.edu.xunta.gal/portal/node/17722	
Atención educativa hospitalaria	B, O	Protocolo de atención educativa domiciliaria: http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal	

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

5. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

5.1. Criterios xerais segundo a normativa

a) Criterios legais

Os recollidos na normativa mencionada no punto 2.1 e nos protocolos que aparecen neste plan. O criterio legal é o primeiro criterio que hai que ter en conta, aínda que na práctica, moitas veces, hai que desenvolver máis polo miúdo e contextualizar dito criterio para axustarse ás necesidades específicas do alumnado e ás organizativas do centro, tal como o se recolle no apartado 5.2.

b) Criterios xerais

No artigo 4 do capítulo I do Decreto 229/2011 sinálanse os seguintes principios xerais de actuación para a atención á diversidade, que debemos ter en conta:

-Normalización e inclusión.

-Equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación.

-Flexibilidade e accesibilidade.

-Interculturalidade e promoción de convivencia.

-Autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

-Atención a todo o alumnado.

-Accións preventivas e de detección temperá.

-Dar prioridade a medidas de carácter ordinario e normalizador.

-Enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación.

-Información e asesoramento ás familias.

5.2. Criterios do IES Rego de Trabe

Tendo en conta o lexislado para cada medida ou programa, e dentro da autonomía docente que teñen os centros, no IES Rego de Trabe propóñense os seguintes criterios para adoptar as diferentes MAD:

Medida	Criterios do IES Rego de Trabe

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

Constitución de grupos-clase	Heteroxeneidade dentro de cada grupo-clase atendendo a: xénero, medidas de atención á diversidade, propostas da xunta de avaliación e titores/as, habilidades socias (TEI), optativas...
Axenda Escolar (PAT)	Alumnado que o precise por presentar TDAH ou algunha outra NEAE, petición do propio alumno ou familia, petición do titor/a ou profesorado.
Seguimento titorial	Alumnado que o precise polo seu baixo rendemento.
Desdobramentos de grupos	Xefatura de Estudos e Dirección en base aos espazos e dispoñibilidade do profesorado.
Reforzo educativo por parte do profesorado na súa	Será realizado polo profesor ou profesora que imparte a materia e que considere que o alumno/a pode seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe coa modificación de elementos non prescritivos do currículo.
Exención 2ª Lingua Estranxeira en 1º e 2º da ESO	Proposta do profesorado-titor de 6º E. P. e 1º da ESO en función das necesidades presentadas nas linguas. Desfase curricular nas linguas, materias de linguas pendentes, NEAE asociadas a dislexia e problemas de lecto-escritura.
Apoios do profesorado PT dentro ou fóra	Alumnado con NEAE, con ou sen desfase curricular, en colaboración co profesorado da materia e valorando conxuntamente a pertinencia de que sexa dentro ou fóra da aula. Os pasos a seguir serán: a) Detección: Na avaliación inicial que cada titor/a ou profesor de área/materia que se leva a cabo a principio de curso ou calquera momento do curso escolar. b) Derivar o caso ao Departamento de Orientación, cubrindo a correspondente folla de derivación. O titor/a informará aos pais. c) A orientadora valorará ao alumno/a previa autorización da familia. d) De ser o caso, asignaranse un número de sesións de apoio. e) O titor/a informará por escrito aos pais da medida de apoio. f) Informarase ao xefe/a de estudos do horario. g) Indicacións dos DO dos CEIPs adscritos.
Adaptacións Curriculares Significativas	Alumnado que só pode seguir o proceso de ensino-aprendizaxe coa modificación de elementos prescritivos do currículo. Debe presentar un desfase curricular de, polo menos, 2 cursos por debaixo do nivel no que está escolarizado/a.
Reforzos fóra do horario lectivo	Clases do Concello: alumnado da ESO que acode ao programa "Ponte a punto" do Concello de Culleredo.
Avaliación psicopedagóxica	Alumnado que o precise, tras solicitude da familia, do equipo docente ou doutras Institucións.

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

6.1.*Claustro.*

- Aprobar o Plan de Atención á Diversidade.

6.2.*Titor/a.*

- Participar no desenvolvemento do Plan de Atención á Diversidade.

- Realizar a avaliación inicial.

- Colaborar co Departamento de Orientación na avaliación psicopedagóxica.

- Atender ás dificultades de aprendizaxe do seu alumnado para proceder aos cambios oportunos na metodoloxía ou organización da aula e do currículo citados ao longo deste Plan.

- Facilitar a integración dos alumnos/as no grupo.

- Fomentar a participación de todos os seus alumnos/as nas actividades do centro.

- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as do seu grupo.

- Informar ás familias sobre o proceso educativo dos seus fillos.

6.3.*Funcións do profesorado de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe.*

- Asistir ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica.

- Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades educativas especiais.

- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daqueloutras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.

- Prestarlle atención docente directa ó alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.

- Aqueloutras funcións que a Administración educativa lles poida asignar referidas á orientación.

6.4.*Funcións do Departamento de Orientación.*

- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención do seu ámbito de actuación.

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción titorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ó profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativos e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.

- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá, se é o caso, do seu alumnado e o dos colexios e escolas que lle sexan adscritos e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e alumnas.

- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa ó respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

- Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e enfrontalos momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.

- Informar ó alumnado dos recursos laborais e profesionais ó seu alcance e propoñer a realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.

- Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.

- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.

- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, á construción do autoconcepto e da autoestima e no proceso de toma de decisións.

- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

- Aqueloutras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

6.5.*Funcións do Equipo Directivo.*

- Será o responsable de desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

- Impulsar propostas e facilitar as condicións necesarias para a súa posta en marcha, tanto nas medidas de atención á diversidade como á necesaria coordinación entre o profesorado.

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

- Solicitar os recursos necesarios para Atención á Diversidade.

- Habilitar os recursos dispoñibles.

- Coordinar a actividade docente do centro.

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASI COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

7.1. *Coordinación Interna.*

- Reunións do Departamento de Orientación.
- Reunións da orientadora co profesor especialista de P.T. e A.L. se o houbese.
- Reunión da orientadora cos especialistas de P.T. e A.L. e cos titores/as.
- Reunión de departamentos.
- Reunións da C.C.P.
- Sesións de avaliacións.
- Todas as xuntanzas que requiran os casos concretos.

7.2.*Coordinación Externa.*

- Visitas relacionadas coa orientación académica e vocacional do alumnado.
- Coordinación cos centros adscritos de EP.

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS, OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

8.1.*Familias.*

Levaranse a cabo reunións nun número e cunha periodicidade variable segundo as necesidades:

- Reunión de inicio de curso Equipo Directivo - Titor/a - Familias.

- Entrevistas persoais coas familias para tratar diversos temas: información MAD, PMAR, FP Básica, probas de acceso a ciclos...

- Reunións coa orientadora nas que se intercambiará información relevante.

- Reunións de seguimento con periodicidade variable, nas que poden participar titor/a, especialistas, Equipo Directivo e Orientadora.

-Información xeral a través da páxina web do centro.

-Cartas informativas.

8.2.*Servizos Externos.*

Débese coidar a comunicación con:

- Organismos relacionados con atención a necesidades educativas: ASPANAES, COGAMI, FADEMGA, DISCAMINO, ARELAS...

- Reunións cos Servizos Sociais do Concello.

- Coordinación cos Servizos de Saúde.

- Coordinación con outros Servizos ou Institucións que interveñan na atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

8.3.*Centros Adscritos.*

- Reunións trimestrais cos xefes dos Departamentos de Orientación dos centros adscritos de EP.

- Calquera outra reunión á demanda das partes.

- Coordinación permanente ao longo do curso en base ás necesidades do alumnado.

IES REGO DE TRABE
Avda. Rutis, s/n – 15174 (Culleredo- A Coruña)
Tlf.: 881 960 801
ies.regodetrabe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe.

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

1. Autorización para a avaliación psicopedagóxica.
2. Rexistro de seguimento titorial do rendemento do alumnado.
3. Rexeitamento da familia para que o alumno reciba apoio.
4. Informe PT final.
5. Autorización da familia para a exención da segunda lingua estranxeira.
6. Autorización da dirección do centro para a exención da segunda lingua estranxeira.
7. Autorización para que o alumnado reciba apoio.
8. Autorización para a incorporación a agrupamentos flexibles.
9. Comunicación sobre saída do agrupamento flexible.
10. Informe individualizado do titor para acceso ao PMAR.
11. Acta de comisión da proposta do alumnado do PMAR.
12. Autorización familiar para PMAR.
13. Autorización e solicitude para PMAR da Dirección á Inspección.
14. Modelo de solicitude de intervención do Departamento de Orientación.
15. Conformidade familias ACS.
16. Autorización familiar para intervención do EOE.
17. Autorización BADyG.